



### CONCELLOS

#### ANTAS DE ULLA

##### *Anuncio*

#### APROBACIÓN INICIAL DE PROXECTO DE OBRAS

Aprobado inicialmente o seguinte proxecto de obras: "PROXECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE REHABILITACION ENERGÉTICA Y ACONDICIONAMIENTO DE LA CASA DE LA CULTURA Y DE SU AUDITORIO", redactado pola arquitecta María Alba López Barreiro, de data 21 de agosto de 2023, actuación subvencionada polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Axenda Urbana, ao abeiro das axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública (PIREP) no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia regulada pola Orde TMA/178/2022, do 28 de febreiro.

Sométese a información pública polo prazo de vinte (20) días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Antas de Ulla, 23 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 2712

### BURELA

##### *Anuncio*

#### EXPEDIENTES 1258/2023 E 1259/2023. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XUÑO 2023.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 26 de xullo de 2023 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.853,95 €, correspondendo 1.182,00 € a libre concorrencia e 8.671,95 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebudados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 11 de agosto de 2023.- A Alcaldesa – Presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 2705

## CERVO

### Anuncio

Formada a Conta Xeral desta Corporación correspondente ó exercicio orzamentario de 2022 cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as Regras 44 a 51 da Instrución do modelo normal de Contabilidade para a Administración Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión de 22 de agosto de 2023, expónse ó público, xunto cos documentos que a xustifican na Intervención desta entidade, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito as alegacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cervo, 22 de agosto de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2713

## GUNTÍN

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, (Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 171 de 27/07/2023) queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 18 de xullo de 2023, sobre a modificación de subvención nominativa, sen incremento da contía global das subvencións nominativas, quedando o cadro de subvencións nominativas 2023 do seguinte xeito:

BENEFICIARIOS	APLICACIÓNS	IMPORTE
Festas Patronais de Guntín	338.480	2.800,00
Festas Parroquias (350* festa e parroquia)	338.480	10.850,00
Torneo Tute	338.480	500,00
Asociación de veciños San Estabenda Mota	338.480	400,00
Excursión Colexios	338.480	1.500,00
A.P.As (Guntín e Lousada)	338.480	15.500,00
Amigos Mosteiro de Ferreira	338.480	1.000,00
Certame Condado de Pallares	338.480	2.000,00
Asociación Cultural Banda Municipal de Guntín	338.480	34.000,00
Asociación O Carral	338.480	800,00
Festada Troita	338.480	700,00
Guntín Veteranos	341.480	3.000,00

FútbolsalaGuntín	341.480	1.000,00
ClubAtletismo	341.480	2.000,00
ClubDeportivoGuntín	341.480	20.000,00
PublicidadeparticipaciónCampionatodeRallyesManuel MourelosVarela	341.480	2.000,00
<b>TOTAL SUBVENCIONESNOMINATIVAS2023</b>		<b>98.050,00</b>

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido la Lei Reguladora das facendas locais, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 22 de agosto de 2.023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2706

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público,(Boletín Oficial de Provincia de Lugo nº 171 de 27/07/2023) queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 18 de xullo de 2023, sobre expediente de modificación de créditos nº MC 12/2023, modalidade Transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distintas áreas de gasto, como se indica a continuación:

#### BAIXAS PARTIDAS DE GASTOS

Partida	Importe
920.120	19.905,08€
920.121	29.585,71€
920.160	14.200,98€
<b>TOTAL</b>	<b>63.691,77€</b>

#### ALTAS PARTIDA DE GASTO

Partida	Importe
338.227	40.000,00€
464.619	23.691,77€
<b>TOTAL</b>	<b>63.691,77€</b>

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido la Lei Reguladora das facendas locais, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 22 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2707

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público,(Boletín Oficial de Provincia de Lugo nº 171 de 27/07/2023) queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 18 de xullo de 2023, sobre expediente de modificación de créditos nº MC 11/2023, modalidade SUPLEMENTO DE CRÉDITO por importe de 240.962,33€, como se indica a continuación:

**INCREMENTO DE INGRESOS DO ORZAMENTO DE 2023**

Concepto	Destino	Importe
870.00	Remanente de Tesourería	240.962,33€

**INCREMENTO EN GASTOS DO ORZAMENTO DE 2023**

ALTA EN PARTIDA DE GASTOS	IMPORTE
454.619	6.405,92€
454.619	48.049,83€
454.619	3.432,13€
454.619	48.395,41€
454.619	3.456,82€
454.619	43.829,02€
454.619	2.762,34€
454.619	2.647,58€
454.619	968,00€
454.619	25.808,95€
454.619	1.843,50€
454.619	43.246,25€
170.619	10.116,58€
<b>TOTAL</b>	<b>240.962,33€</b>

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido la Lei Reguladora das facendas locais, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 22 de agosto de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2708

## LUGO

## Anuncio

En virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, faise público o acordo "4/626 Proxecto modificado de urbanización do Plan Parcial de solo industrial no Sector SUD Coeses - Cuiña S - 1.I (Concello de Lugo). Resolución de alegacións e aprobación definitiva", adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 9 de agosto de 2023, cuxa parte dispositiva, establece, entre outros extremos, o seguinte:

"PRIMEIRO.- Tomar razón do escrito de alegacións presentado pola mercantil "Nedgia Galicia S.A." durante o período de información pública do "Proxecto modificado de urbanización del Plan Parcial de solo industrial no Sector SUD Coeses - Cuiña S - 1.I (Concello de Lugo)", segundo a certificación expedida polo secretario xeral do Pleno o 26 de xullo de 2023; así como do presentado durante o período de información pública do "Proxecto de equidistribución do Sector de Solo Urbanizable Delimitado S1.I "Coeses-Cuiña", consonte ao disposto no punto primeiro da parte dispositiva do Acordo da Xunta de Goberno Local número 12/491, do 5 de xullo de 2023 "Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Proxecto de equidistribución do Sector de Solo Urbanizable Delimitado S1.I "Coeses-Cuiña". Significando que, de conformidade co informe do Servizo Enxeñería do 12 de xullo de 2023, na execución do proxecto deberán observarse as determinacións sinaladas no devandito informe.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente, de conformidade co establecido nos artigos 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 226 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, o "Proxecto modificado de urbanización del Plan Parcial de solo industrial no Sector SUD Coeses - Cuiña S - 1.I (Concello de Lugo)", subscrito por don Manuel Campo Díaz, cun presuposto de execución material de 3.139.107,88 €, de conformidade coas determinacións contidas nos informes dos Servizos municipais de Arqueoloxía do 7 de xuño de 2023, de Enxeñería do 8 de xuño e 12 de xullo de 2023, de Medio Ambiente e Arquitectura do 9 de xuño de 2023, anteriormente transcritos, e que se dan por reproducidas como parte integrante deste acordo.

TERCEIRO.- Determínanse como condicionantes da aprobación deste proxecto, que deberán ser cumpridos pola interesada durante a execución das referidas obras, as descritas nos informes dos Servizos de Arqueoloxía do 7 de xuño de 2023, de Enxeñería do 8 de xuño e 12 de xullo de 2023, de Medio Ambiente e Arquitectura do 9 de xuño de 2023, e que se dan por reproducidas como parte integrante deste acordo, e así mesmo os seguintes:

- O prazo de execución deste proxecto será de 11 MESES, contados dende a notificación da súa aprobación definitiva.
- Determínase como período de garantía das obras de urbanización que se executen ao abeiro deste proxecto o **dun ano**, contado dende a recepción polo Concello destas.
- Deberá comunicarse o inicio das obras ao Servizo de Enxeñería Municipal, así como á Policía Local, para o oportuno seguimento delas.
- Deberá comunicarlles por escrito o comezo das obras ás empresas de subministración (BEGASA, TELEFONICA, GAS GALICIA, R-GRUPO CABLE e outras), para facilitar o completamento das súas redes no caso que sexa necesario con antelación á colocación de firmes e pavimentos.
- Requirirllas aos interesados para que unha vez aprobado definitivamente o devandito proxecto presenten neste Concello, con carácter previo ao inicio das obras, fianza polo importe de 313.910,79 €, correspondente ao 10 % do presuposto de execución material, que ascende á cantidade de 3.139.107,88 €, de conformidade co previsto no artigo 96.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 230 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

CUARTO.- Publicar o acordo de aprobación definitiva do "Proxecto modificado de urbanización del Plan Parcial de solo industrial no Sector SUD Coeses - Cuiña S - 1.I (Concello de Lugo)", no Boletín Oficial da Provincia, e isto en virtude do artigo 220.2.c) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia.

QUINTO.- Notifíqueseles esta resolución aos interesados coa indicación de que esta pon fin a vía administrativa e de que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte á notificación desta resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), así como as demais accións legais que estime pertinentes.
- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **un mes** ante a Xunta de Goberno Local, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición."

Lugo, 17 de agosto de 2023.- Excmo. Sr. alcalde en funcións do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

R. 2709

## MONTERROSO

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA PARA A CREACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

Posto da Convocatoria: Auxiliar Administrativo.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Monterroso, no prazo de 05 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 24 de agosto de 2023.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindin.

R. 2726

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

Rendida a conta xeral para o exercicio 2022 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 21 de agosto de 2023, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican expone ao público na Secretaría – Intervención municipal, polo prazo de quince (15) días hábiles que computaranse a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Pastoriza, 21 de agosto de 2023.- O ALCALDE – PRESIDENTE, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2710

## RIBADEO

### *Anuncio*

Secretaría Xeral.02 / Expediente núm. 1579/2023

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-**

Visto expediente instruído para provisión dun praza de Bibliotecari@ (posto RPT nº 611) con carácter laboral fixo.

Vistas instancias formuladas dentro do período regulamentario.

Esta Alcaldía de conformidade co disposto nas bases para o proceso selectivo de referencia, Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de pertinente aplicación,

#### **RESOLVE**

1º. Prestar aprobación á listaxe provisional de admitidos e excluídos que queda do seguinte xeito:

#### **ADMITIDOS**

1. Núñez Pardo, Cristina	Aporta CELGA
2. Arias Mas, Borja	Aporta CELGA
3. Cartoy Pacín, Noelia	Aporta CELGA

4. González Peteiro, Iván	Aporta CELGA
5. Alonso Domínguez, Miriam	Aporta CELGA
6. López Varela, Mariña	Aporta CELGA
7. Iglesias Saavedra, Carmen	Aporta CELGA
8. Calvo Carballeira, Ana	Aporta CELGA
9. González Sánchez, Gloria	Aporta CELGA
10. Redondo Lanzós, Noel	Aporta CELGA
11. Díaz Reimunde, Blanca	Aporta CELGA
12. Pérez Bustelo, Laura	Aporta CELGA
13. Fernández García, Marta	Aporta CELGA
14. Saavedra Blanco, Marcos	Aporta CELGA
15. Santamarina Pelaez, Eva	Aporta CELGA
16. Gómez Mariño, Antón	Aporta CELGA
17. Vázquez Ramos, Paula	Aporta CELGA
18. Engroba García, Iván	Aporta CELGA
19. Llano Fontela, Alberto Esteban	Aporta CELGA
20. Rivas Tomé, Manuela	Aporta CELGA
21. Carrera Ferreiro, Marta	Aporta CELGA
22. Sendino Gestoso, Uxía	Aporta CELGA
23. Castro Paredes, Inmaculada	Aporta CELGA
24. Cabeza Cases, Andrea Isabel	Non aporta CELGA (procede exame)
25. Martínez Martínez, Mónica	Aporta CELGA
26. Eiros Rodríguez, Enrique	Aporta CELGA
27. Gutiérrez Puente, Ana Belén	Aporta CELGA
28. Alvarez Berdeal, Begoña	Aporta CELGA

**EXCLUÍDOS**

1. Vidal Cervo, Sonia	Falta pago das taxas segundo as Bases de seleccion
-----------------------	----------------------------------------------------

Durante o prazo de dez días hábiles dende a publicación no BOP de Lugo poderán presentarse reclamacións ou alegacións de subsanación, quedando elevada a definitiva para o caso de que non se presente ningunha.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde, en Ribadeo a data da sinatura electrónica do que eu Secretario dou fe.

Ribadeo, 23 de agosto de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PÉREZ. O SECRETARIO XERAL, JOSÉ A. CARRO ASOREY.

R. 2714

**XOVE**  
*Anuncio*

**Resolución de aprobación da lista DEFINITIVA de admitidos e excluídos do proceso selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo de seis (6) prazas de limpeza de instalacións, polo sistema de concurso, acceso libre, incluída na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización.**

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía de data 23-08-2023 a relación DEFINITIVA de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para o proceso selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo de seis (6) prazas de limpeza de instalacións, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do concello de Xove para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización, procédese á súa publicación co seguinte alcance:

<u>ADMITIDOS/AS</u>	<u>DNI</u>
MARIA NOELIA PINAR RODRÍGUEZ	xxx962xxx
MARÍA HOLANDA BALSEIRO FERNÁNDEZ	xxx916xxx
CELINA OTERO GARCÍA	xxx961xxx
LORENA GONZÁLEZ MEITÍN	xxx389xxx
LUCIA PEÑA LESTEGÁS	xxx957xxx
CONCEICAO COSTA RAMADA	xxxx417xxx
CELIA CORA PARDIÑO	xxx945xxx
MARIA JESUS CUADRADO CASARIEGO	xxx936xxx

<u>EXCLUIDOS/AS</u>	<u>DNI/NIE</u>	<u>Causa/s motivadora/s da exclusión:</u>
ROSA BOUZAS VÁZQUEZ	xxx971xxx	- A documentación requirida nas bases QUINTA.1 a), documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: documento nacional de identidade (DNI), pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade, non consta debidamente compulsada.

A realización do exame de idioma galego, así como, a posterior baremación dos méritos dos aspirantes propostos efectuarase o día 05 de setembro de 2023, ás 10:00 horas, en Camiño Real s/n de Xove, citando aos/ás seguintes interesados/as na dita data e hora para a realización da preceptiva proba de avaliación do idioma galego:

<u>ADMITIDOS/AS</u>	<u>DNI</u>
CONCEICAO COSTA RAMADA	xxxx417xxx
CELIA CORA PARDIÑO	xxx945xxx
MARIA JESUS CUADRADO CASARIEGO	xxx936xxx

Toda esta información estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello. Xove, 23 de agosto de 2023.-O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2715



---

## MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA

*Anuncio*

### **APROBACIÓN CONTA XERAL 2022**

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas extraordinaria celebrada o día 23 de agosto de 2023, exponse ao público a conta xeral correspondente ao exercicio 2022, por un prazo de quince días, durante os que e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Barreiros, 23 de agosto de 2023.- Presidente, Francisco Cajoto Caserio.

R. 2716

---